# TERRAS DO AVIA

## GUÍA DE RUTAS DE SENDEIRISMO

# TERRAS DO AVIA

## GUÍA DE RUTAS DE SENDEIRISMO

Esta Rede de Sendeiros percorre os concellos de Boborás, O Carballiño, Leiro e Ribadavia, integrantes da Mancomunidade Turística Terras do Avia.

Dende os montes do entorno ata os vales do Avia e do Arenteiro, estas rutas atravesan un territorio no que atoparemos bosques de ribeira, carballeiras, soutos, zonas agrícolas e gran cantidade de viñedos. É precisamente o cultivo da vide o que configura boa parte da paisaxe e economía desta comarca do Ribeiro, famosa polos seus viños dende a idade media.

Entre o patrimonio arquitectónico atoparemos gran cantidade de pazos, adegas, pontes medievais, igrexas... e outros moitos elementos que son testemuñas da rica historia deste fértil territorio.

Poderemos percorrer calquera destes sendeiros individualmente, ou enlazar varios para realizar unha ruta máis longa ou unha travesía de varios días.

Esta Red de Senderos recorre los ayuntamientos de Boborás, O Carballiño, Leiro y Ribadavia, integrantes de la Mancomunidade Turística Terras do Avia.

Desde los montes del entorno hasta los valles del Avia y del Arenteiro, estas rutas atraviesan un territorio en el que encontraremos bosques de ribera, bosques de robles y castaños, zonas agrícolas y gran cantidad de viñedos. Es precisamente el cultivo de la vid lo que configura buena parte del paisaje y economía de esta comarca del Ribeiro, famosa por sus vinos desde la edad media.

Entre el patrimonio arquitectónico encontraremos gran cantidad de pazos, bodegas, puentes medievales, iglesias... y otros muchos elementos que son testigos de la rica historia de este fértil territorio.

Podremos recorrer cualquiera de estos senderos individualmente, o enlazar varios para realizar una ruta más larga o una travesía de varios días.

## RUTAS DE SENDEIRISMO


PR-G 76 SENDA DO RÍO AVIA ..... 2
PR-G 77 SENDA DE BOBORÁS ..... 4
PR-G 78 SENDA DE PENA CORNEIRA ..... 6
PR-G 79 SENDA DE ARENTEIRO ..... 8
PR-G 80 SENDA DE SANTA MARTA ..... 10


Sendeiros homologados pola
Federación Galega de Montañismo

Mosteiro de San Clodio

Área recreativa O Salgueiral. Ponte das Poldras. Leiro

Ponte da Cruz. Pazos de Arenteiro. Boborás

Barrio Xudeu de Ribadavia

| DISTANCIA | TEMPO ESTIMADO | TIPO DE PERCORRIDO |
|---|---|---|
| 15,8 km | 4h 50min | Lineal |
| **ALTURA MÁXIMA** | **ALTURA MÍNIMA** | **DESNIVEL ACUMULADO** |
| 244 m | 73 m | +357/-338 m |

| | |
|---|---|
| DIFICULTADE | Baixa |
| HOMOLOGADA | Sí |
| PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA | Pazos de Arenteiro, Ribadavia. |
| ACCESO EN BICICLETA | Apta, salvo o treito de inicio en Pazos de Arenteiro |

**SERVIZOS**

Nas vilas de Leiro e Ribadavia podemos atopar servizos de hostalería, aloxamento, farmacia, banca e de taxis.

*Así mesmo na aldea de Pazos de Arenteiro tamén existen aloxamentos de turismo rural e servizo de bar.*

| M.I.D.E. | Medio | Itinerario | Desprazamento | Esforzo |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 2 | 3 |

Esta ruta, de case dezaseis quilómetros de lonxitude, vai dende o Conxunto Histórico-Artístico de Pazos de Arenteiro, ata á praia fluvial de A Veronza en Ribadavia, pasando tamén pola vila de Leiro e a través de varios viñedos. No seu primeiro tramo introducirémonos nun bosque de frondosas autóctonas ascendendo por unha ladeira do val do río Avia.

Máis adiante descenderemos ata Leiro e cruzaremos o río pola Ponte das Poldras. Continuaremos avanzando o carón do río Avia e pasaremos diante de a ponte de San Clodio, de orixe medieval, declarada Monumento Nacional en 1981 e Ben de Interese Cultural.

É recomendable dar un pequeno paseo polas rúas de Pazos de Arenteiro para contemplar os seus pazos e a súa igrexa románica. En Leiro, tras cruzar a característica Ponte das Poldras podemos visitar o Mosteiro de San Clodio e recomendamos o uso das augas termais do Balneario de Berán. En Ribadavia recomendámosvos pasear polas súas rúas empedradas e coñecer a súa historia visitando o museo etnográfico ou o centro de información xudía de Galicia, ademais de facer uso das Termas de Prexigueiro.

Esta ruta, de casi dieciséis kilómetros de longitud, va desde el conjunto Histórico-Artístico de Pazos de Arenteiro hasta la playa fluvial de A Veronza en Ribadavia, pasando también por la villa de Leiro y a través de varios viñedos. En su primer tramo nos introduciremos en un bosque de frondosas autóctonas ascendiendo por una ladera del valle del río Avia.

Más adelante descenderemos hasta Leiro y cruzaremos el río por el Ponte das Poldras. Continuaremos avanzando junto al río Avia y pasaremos delante del puente de San Clodio, de origen medieval, declarado Monumento Nacional en 1981 y Bien de Interés Cultural.

Es recomendable dar un pequeño paseo por las calles de Pazos de Arenteiro para contemplar sus pazos y su iglesia románica. En Leiro, tras cruzar el característico Puente de las Poldras podemos visitar el monasterio de San Clodio y recomendamos el uso de las aguas termales del Balneario de Berán. En Ribadavia os recomendamos pasear por sus calles empredadas y conocer su historia visitando el museo etnográfico o el centro de información judía además de hacer uso de las Termas de Prexigueiro.

MÁIS INFORMACIÓN www.terrasdoavia.es www.wikiloc.com

Igrexa San Martiño de Cameixa.. Boborás

Ponte Ponterriza.. Boborás

San Xulián de Astureses

| DISTANCIA | TEMPO ESTIMADO | TIPO DE PERCORRIDO |
|---|---|---|
| 16,4 Km | 4h 50min | Lineal |
| **ALTURA MÁXIMA** | **ALTURA MÍNIMA** | **DESNIVEL ACUMULADO** |
| 542 m | 108 m | +385/-638 m |

| | | | |
|---|---|---|---|
| DIFICULTADE | Baixa | HOMOLOGADA | Sí |
| PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA | Ponterriza, Pazos de Arenteiro | | |
| ACCESO EN BICICLETA | BTT | | |

| M.I.D.E. | Medio | Itinerario | Desprazamento | Esforzo |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 2 | 3 |

**SERVIZOS/SERVICIOS**

Nas vilas de A Almuzara, Boborás e Pazos de Arenteiro podemos atopar servizos de hostelería e aloxamento.
En Boborás atoparemos tamén unha farmacia. Se queremos empregar o servizo de taxis é preciso poodemos atopalo en Carballiño, Leiro ou Boborás.

*En las villas de A Almuzara, Boborás, y Pazos de Arenteiro podemos encontrar servicios de hostelería y aparcamiento.*
*En Boborás encontraremos también una farmacia. Si queremos emplear el servicio de taxis, podemos encontrarlo en Carballiño, Leiro o Boborás.*

**Esta ruta comunica a aldea de Ponterriza coa do Conxunto Histórico-Artístico de Pazos de Arenteiro. A través dela iremos subindo e baixando pequenos outeiros e cruzando varios regatos. Ademais permítenos descubrir as igrexas románicas presentes nas distintas poboacións polas que pasa ao longo dos seus dezaseis quilómetros.**

**Partindo dende a aldea de Ponterriza, o sendeiro comeza ascendendo en dirección á aldea de Eixán, onde cruzaremos o río Pedriña para chegar á poboación de Fondo de Vila e posteriormente a Astureses. Aquí atópase a igrexa románica de San Xulián de Astureses, considerada Ben de Interese Cultural dende o ano 1946.**

**A partir deste punto a senda comeza a descender, pasando pola igrexa de Santa María de Xuvencos e o Pazo da Almuzara ata chegar a Boborás. A seguinte poboación que atravesa o percorrido é Cameixa, onde se atopa a igrexa de San Martiño de Cameixa e o Castro do mesmo nome.**

**Dende aquí a ruta adoita un perfil máis descendente e introdúcese por entre plantacións de piñeiros e bosques autóctonos, que van dende a zona de Laxas ata chegar a Pazos de Arenteiro, poboación dun grande interese patrimonial.**

**Esta ruta comunica la aldea de Ponterriza con la del Conjunto Histórico-Artístico de Pazos de Arenteiro. A través de ella iremos subiendo y bajando pequeñas colinas y cruzando varios riachuelos. Además nos permiten descubrir las iglesias románicas presentes en las distintas poblaciones por las que pasa a lo largo de sus dieciséis kilómetros.**

**Partiendo desde la aldea de Ponterriza, el sendero comienza ascendiendo en dirección a la aldea de Eixán, donde cruzaremos el rio Pedriña para llegar a la población de Fondo de Vila y posteriormente a Astureses. Aquí se encuentra la iglesia románica de San Xulián de Astureses, considerada Bien de Interés Cultural desde el año 1946.**




A partir de este punto la senda comienza a descender, pasando por la iglesia de Santa María de Xuvencos y el Pazo de la Almuzara hasta llegar a Boborás. La siguiente población que atraviesa el recorrido es Cameixa, donde se encuentra la iglesia de San Martiño de Cameixa y el Castro del mismo nombre.

Desde aquí la ruta presenta un perfil más descendente y se introduce por entre plantaciones de pinos y bosques autóctonos, que van desde la zona de Laxas hasta llegar a Pazos de Arenteiro, población de gran interés patrimonial.

MÁIS INFORMACIÓN www.terrasdoavia.es www.wikiloc.com

# SENDA DE PENA CORNEIRA

Monumento Natural de Pena Corneira

Subida mirador Pena Corneira. Leiro

Área Etnográfica Regado do Foxón. Leiro

| DISTANCIA | TEMPO ESTIMADO | TIPO DE PERCORRIDO |
|---|---|---|
| 7,9 Km | 2h 20min | Lineal |

| ALTURA MÁXIMA | ALTURA MÍNIMA | DESNIVEL ACUMULADO |
|---|---|---|
| 561 m | 88 m | +33/-502 m |

| | |
|---|---|
| DIFICULTADE | Baixa |
| HOMOLOGADA | Sí |
| PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA | Área recreativa de Pena Corneira, Leiro |
| ACCESO EN BICICLETA | Apto para BTT |

| M.I.D.E. | Medio | Itinerario | Desprazamento | Esforzo |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 2 | 2 |

## SERVIZOS/SERVICIOS

No concello de Leiro podemos atopar servizos de taxis, hostalería, farmacia, bancarios ou de aloxamento rural.

*En el concello de Leiro podemos encontrar servicios de taxis, hostelería, farmacia, bancarios o de alojamiento rural.*

**Esta senda atravesa o Monumento Natural de Pena Corneira en dirección este e de forma descendente. Ademais, pasa tamén polas poboacións de Paredes, Lebosende e remata aos pés do río Avia no Concello de Leiro.**

**A ruta comeza na área recreativa de Pena Corneira, moi preto da igrexa de Lamas, un bo exemplo da arquitectura relixiosa de estilo románico. A senda lévanos a través de bolos graníticos e árbores autóctonas a través do Monumento Natural de Pena Corneira, declarado como tal no ano 2007 donde se atopa un mirador no que se divisa a comarca do Ribeiro e O Carballiño (Arenteiro).**

**Máis adiante o camiño acompaña ao regato de Ferreiro pola súa marxe dereita ata chegar a aldea de Paredes, onde se atopa a Área Etnográfica do Regato do Foxón con 30 hórreos e 6 muíños.**

**O camiño continúa o seu descenso e lévanos ata a aldea de Lebosende, onde destaca a igrexa de San Miguel, ao pé da estrada.**

Por último, o derradeiro descenso achéganos ata o Concello de Leiro, pasando por diante da Igrexa de San Pedro e finalmente chegando ata o río Avia.

**Esta senda atraviesa el Monumento Natural de Pena Corneira en dirección este y de forma descendiente. Además, pasa también por las poblaciones de Paredes, Lebosende y finaliza a los pies del río Avia en el Ayuntamiento de Leiro.**

**La ruta comienza en el área recreativa de Pena Corneira, muy cerca de la iglesia de Lamas, un buen ejemplo de la arquitectura religiosa de estilo románico. La senda los lleva a través de bollos graníticos y árboles autóctonos a través del Monumento Natural de Pena Corneira, declarado cómo tal en el año 2007 donde se encuentra un mirador en el que se divisa la comarca del Ribeiro y O Carballiño.**

**Más adelante el camino acompaña al Regato de Ferreiro unos cientos de metros hasta llegar a la aldea de Paredes, donde se encuentra el Área Etnográfica do Regato do Foxón con 30 hórreos y 6 molinos.**

**El camino continúa su descenso y nos lleva hasta la aldea de Lebosende, donde destaca la iglesia de San Miguel, al pié de la carretera.**

**Por último, el descenso final nos acerca hasta la villa de Leiro, pasando por delante de la Iglesia de San Pedro y finalmente llegando hasta el río Avia**

**MÁIS INFORMACIÓN** www.terrasdoavia.es www.wikiloc.com

# SENDA DE ARENTEIRO

Igrexa de San Mamede de Moldes. Boborás.

Conxunto Histórico-Artístico de Pazos de Arenteiro

Área Etnográfica do Arenteiro

| | |
|---|---|
| DISTANCIA | 11,1 km |
| TEMPO ESTIMADO | 3h 30 min |
| TIPO DE PERCORRIDO | Lineal |
| ALTURA MÁXIMA | 409 m |
| ALTURA MÍNIMA | 108 m |
| DESNIVEL ACUMULADO | +270/-533 m |

| | |
|---|---|
| DIFICULTADE | Baixa |
| HOMOLOGADA | Sí |
| PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA | O Carballiño ou Pazos do Arenteiro |
| ACCESO EN BICICLETA | En BTT. Algún porteo en escaleiras de madeira. |

| M.I.D.E. | Medio | Itinerario | Desprazamento | Esforzo |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | 2 | 3 |

**SERVIZOS/SERVICIOS**

Na vila de O Carballiño podemos atopar calqueira servizo que precisemos, aloxamento, hostalería, farmacia, taxis. Na aldea de Pazos de Arenteiro podemos atopar servizos de aloxamento e hostalería.

*En la villa de O Carballiño podemos encontrar cualquier servicio que necesitemos, alojamiento, hoistelería, farmacia, taxis. En la aldea de Pazos de Arenteiro podemos encontrar servicions de alojamiento y hostelería.*

**A senda do Arenteiro levaranos dende o Parque Municipal de O Carballiño ata o Conxunto Histórico-Artístico de Pazos do Arenteiro. A través del, achegarémonos a distintos lugares de gran interese patrimonial.**

A ruta comeza na Área Etnográfica do Arenteiro, na marxe esquerda do río Arenteiro na poboación de O Carballiño e percorreremos ao seu carón o primeiro treito, mediante pasarelas e escaleiras de madeira e posteriormente por unha senda fluvial. Unha vez finalizado este tramo, o camiño levaranos polo Monte das Regas, dende o que é posible obter unhas boas vistas da contorna do sendeiro. Máis adiante a senda descende ata a ponte medieval de Ponterriza, que cruza o río Arenteiro unha vez máis.

Ao chegar a Moldes, é posible desviarse brevemente para ascender ate a igrexa de San Mamede de Moldes, de estilo románico e orixe medieval. Máis adiante atópanse as ruínas do castelo de Castro Cabadoso, destruído polas Revoltas Irmandiñas no século XV.

Pouco despois atoparemos unha ponte da mesma orixe que o castelo e que destaca pola distancia do seu arco ó leito do río Arenteiro. A continuación a ruta atravesa a poboación de Cabanelas e lévanos cara o derradeiro descenso ata acadar de novo o leito do río Arenteiro e tamén, por último, Pazos do Arenteiro.

La senda del Arenteiro nos llevará desde el Parque Municipal de O Carballiño hasta el Conjunto Histórico- Artístico de Pazos de Arenteiro. A través de el, nos acercaremos a distintos lugares de gran interés patrimonial.

La ruta comienza en el Área Etnográfica do Arenteiro, en el margen izquierdo del río Arenteiro en la población de O Carballiño y recorremos junto a él el primer trecho, mediante pasarelas y escaleras de madera y posteriormente por una senda fluvial. Una vez finalizado ese tramo, el camino nos llevará por el Monte das Regas, desde el que es posible obtener unas buenas vistas del contorno del sendero. Más adelante la senda desciende hasta el puente medieval de Ponterriza que cruza el rio Arenteiro una vez más.

Al llegar a Moldes, es posible desviarse brevemente para ascender hasta la iglesia de San Mamede de Moldes, de estilo románico y origen medieval. Más adelante se encuentran las ruinas del castillo de Castro Cabadoso, destruido por las revueltas irmandiñas en el siglo XV

Poco después encontraremos un puente del mismo origen que el castillo y que destaca por la distancia de su arco al lecho del río Arenteiro. A continuación, la ruta atraviesa la población de Cabanelas y nos lleva hacia el último descenso hasta alcanzar de nuevo el lecho del río Arenteiro y finalmente, Pazos de Arenteiro.

**MÁIS INFORMACIÓN** www.terrasdoavia.es www.wikiloc.com

# SENDA DE SANTA MARTA

Encoro Castrelo de Miño. Ribadavia

Igrexa de San San Paio


Miradoiro de Santa Marta. Ribadavia

| DISTANCIA | TEMPO ESTIMADO | TIPO DE PERCORRIDO |
|---|---|---|
| 6,3 km | 2h 50 min | Circular |
| **ALTURA MÁXIMA** | **ALTURA MÍNIMA** | **DESNIVEL ACUMULADO** |
| 279 m | 91 m | 244 m |

| | | | |
|---|---|---|---|
| DIFICULTADE | Baixa | HOMOLOGADA | Si |
| PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA | Estrada OR-406 | | |
| ACCESO EN BICICLETA | Apto en BTT | | |

| M.I.D.E. | Medio | Itinerario | Desprazamento | Esforzo |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 2 | 2 |

## SERVIZOS

A aldea de San Paio conta con fontes de auga potable, mentres que o resto de servizos que poidan ser necesarios, é posible atopalos na vila de Ribadavia: aloxamentos, bancos, farmacia, taxi ou hostalería.

*La aldea de San Paio cuenta con fuentes de agua potable, mientras que el resto de servicios que puedan ser necesarios es posible encontrarlos en la villa de Ribadavia: alojamientos, bancos, farmacia, taxi u hostelería.*

**A senda de Santa Marta bordea o monte que leva o mesmo nome e na maior parte do seu traxecto discorre por entre plantacións de piñeiro.**

**Na primeira parte o sendeiro discorre por un pequeno bosque con presencia de vexetación autóctona. Mais adiante a senda chega a beira duns viñedos, que bordean o camiño case ate chegar ó cruce no que se bifurca a ruta. Se viramos a dereita o camiño convértese nunha pista ancha e sinxelamente transitable, que ascende polo monte ata chegar a un sendeiro non sinalizado que nos leva ate un miradoiro con excelentes vistas sobre o río Miño e Ribadavia**

**Despois a ruta chega a aldea de San Paio onde se pode desfrutar dunhas boas vistas panorámicas do encoro de Castrelo de Miño. Nesta aldea, fora do trazado da ruta, atópase a Igrexa de San Paio, que conta cun interesante peto de ánimas na súa entrada.**

**Para rematar, unha vez se deixa atrás a aldea de San Paio e se completa o rodeo o Monte de Santa Marta, atopámonos de novo co camiño empregado no inicio da ruta polo que volveremos ate o punto de partida.**

**La senda de Santa Marta bordea el monte que lleva el mismo nombre y en la mayor partre de su trayecto discurre entre plantaciones de pinos.**

**En la primera parte, el sendero discurre por un pequeño bosque con presencia de vegetación autóctona. Más adelante la senda llega al lado de unos viñedos, que bordean el camino casi hasta llegar al cruce en el que se bifurca la ruta. Si giramos a la derecha el camino se convierte en una pista ancha y sencillamente transitable, que asciende por el monte hasta llegar a un sendero no señalizado que nos lleva hasta un mirador con excelentes vistas sobre el río Miño y Ribadavia.**

**Después la ruta llega a la aldea de San Paio donde se puede disfrutar de unas buenas vistas panorámicas del embalse de Castrelo de Miño. En esta aldea, fuera del trazado de la ruta, se encuentra la iglesia de San Paio, que cuenta con un interesante peto de animas en su entrada.**

**Para terminar, una vez se deja atrás la aldea de San Paio y se completa el rodeo al Monte de Santa Marta, nos encontramos de nuevo con el camino empleado en el inicio de la ruta por el que volveremos hasta el punto de partida.**

**MÁIS INFORMACIÓN** www.terrasdoavia.es www.wikiloc.com

## MIDE ( Método de información de excursions)

Mide é un sistema de comunicación entre excursionistas para valorar e expresar as exixencias técnicas e fisicas dos recorridos. O seu obxectivo é unificar as apreciacións sobre a dificultade das excursión para permitir a cada practicante unha mellor elección.

| | |
|---|---|
| **MEDIO**<br>Severidade do medio natural | 1 O medio non está exento de riscos<br>2 Hai máis dun factor de risco<br>3 Hai varios factores de risco<br>4 Hai bastantes factores de risco<br>5 Hai moitos factores de risco |
| **ITINERARIO**<br>Dificultade de orientarse no itinerario | 1 Camiños e cruces ben definidos<br>2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade<br>3 Exixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais<br>4 Exixe técnicas de orientación e navegación fora de traza<br>5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear |
| **DESPRAZAMENTO**<br>Dificultade no desprazamento | 1 Marcha por superficie lisa<br>2 Marcha por camiños de ferradura<br>3 Marcha por sendas escalonadas ou terreos irregulares<br>4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio<br>5 Require pasos de escalada para a progresión |
| **ESFORZO**<br>Cantidade de esforzo necesario | 1 Hasta 1h de marcha efectiva<br>2 Máis de 1h ata 3h de marcha efectiva<br>3 Máis de 3h ata 6h de marcha efectiva<br>4 Máis de 6h ata 10h de marcha efectiva<br>5 Máis de 10h de marcha efectiva |

**O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), Federación Aragonesa de Montañismo (FAM), Protección Civil del Gobierno de Aragón e outras entidades.**

Máis información: www.euromide.info

WebTerras do Avia

Wikiloc Terras do Avia

# Mapa de rutas Terras do Avia

Terras do Avia
MANCOMUNIDAD TURÍSTICA

Mancomunidade dos Concellos de O Carballiño, Ribadavia,
Boborás e Leiro. Rúa Gabino Bugallal, 39 32420 Leiro,
Ourense. Tlf 988 488 000
**www.terrasdoavia.es**

Concello de Leiro

Concello de Ribadavia

Concello de O Carballiño

Concello de Boborás

Deseño:
PANGEA
Ingeniería del Territorio
www.pangeaingenieria.es

XUNTA DE GALICIA

galicia

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

FEADER:
EUROPA INVISTE NO RURAL